

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases da convocatoria para as axudas para a escolarización de menores do Concello de Bergondo 2026-2027

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o xoves 28 de maio do 2026, aprobou as bases da convocatoria para as axudas para a escolarización de menores do Concello de Bergondo 2026-2027, que se publican a continuación:

“CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE MENORES DO CONCELLO DE BERGONDO 2026-2027.

1. Obxecto.

É obxecto desta convocatoria regular as axudas para a escolarización de menores do Concello de Bergondo, que consisten na subvención de libros e/ou parte do material escolar, para o curso 2026-2027.

2. Persoas beneficiarias.

Poderán ser persoas beneficiarias todas/os as/os escolares que durante o curso 2026-2027, cursen estudos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria nos Centros de Ensino Público do termo municipal de Bergondo, que formen parte de unidades familiares que se atopen incluídos en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou que os ingresos das súas unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na táboa da base terceira da presente convocatoria.

3. Requisitos.

1. Que o/a menor estea empadroadado/a no Concello de Bergondo
2. Cursar estudos nos centros de ensino público do Concello (C.PI. Cruz do Sar ou Colexio Rural Agrupado).
3. Non superar o límite de ingresos que se recollen na seguinte táboa. Estes calcularanse sumando a base impositiva xeral e a especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2024 de todos os membros da unidade familiar.

Núm. de membros da unidade familiar	Ingresos
Familias de 2 membros	23.724€
Familias de 3 membros	32.201€
Familias de 4 membros	38.242€
Familias de 5 membros	42.743€
Familias de 6 membros	46.142€
Familias de 7 membros	49.503€
Familias de 8 membros	52.850€

A partir do octavo membro, engadiranse 3.340€ por cada novo membro computable.

4. Tramitación:

1. Solicitudes:

As solicitudes segundo o modelo oficial presentaranse preferentemente de forma telemática a través da Sede electrónica municipal.

Para a vía presencial recoméndase cita previa chamando ao Rexistro municipal no 981791252 Ext.2 en horario de 09,00 a 14,30h ou a través do enderezo electrónico cita.previa@bergondo.gal.

Neste caso é necesario cubrir o modelo de solicitude, imprimilo e xuntar a documentación requirida.

2. Documentación que se deberá achegar:

- Solicitude: Anexo I
- Fotocopia do D.N.I. do membro da familia que solicite en nome do/da alumno/a.
- Fotocopia do Libro de Familia
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente o exercicio 2024, ou xustificante de non tela presentado, cando en virtude da lexislación vixente non se estea obrigado/a facela.
- De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento.
- De non autorizar á consulta, xustificante acreditativo de estar matriculado nalgún dos centros públicos do termo municipal.
- Outra documentación que sexa necesaria por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.

3. Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. Valoración das solicitudes.

A efectos de valorar as solicitudes presentadas, teranse en conta os seguintes criterios:

- Considerarase unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos, ou maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou con medidas de apoio.
- No caso de familias monoparentais, familias numerosas ou familias nos que algún membro da unidade familiar acredite o recoñecemento de dependencia ou dunha discapacidade igual ou superior ao 33%, e para os efectos do cálculo da renda anual a que se refire a base terceira desta convocatoria, incrementarase en 1 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- A condición de familia monoparental acreditarase mediante certificado expedido pola Xunta de Galicia ou, de non ser posible por mor dos prazos, será necesario presentar a documentación necesaria que evidencie estar en disposición de obtelo.
- Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

6. Das contías a percibir.

As axudas a percibir por cada familia, segundo os ingresos económicos da unidade de convivencia e tal e como se especifica na base sétima, serán as que se reflicten na táboa seguinte.

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado pola persoa beneficiaria en concepto de libros e material escolar. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Neste suposto, a librería emitirá facturas só polo gasto real efectuado pola persoa beneficiaria.

Curso	100%	50%
3 anos	60	30
4 anos	60	30
5 anos	60	30
1º EP	100	50
2º EP	100	50
3º EP	80	40
4º EP	80	40

Curso	100%	50%
5º EP	80	40
6º EP	80	40
1º ESO	120	60
2º ESO	120	60
3º ESO	120	60
4º ESO	120	60

7. Valoración de porcentaxe de axudas:

O cálculo do importe da axuda económica a percibir para cada menor, medido en ingresos computables pola unidade familiar, serán como segue:

- Familias de 2 membros
Ata 13.264€ = 100% da axuda
De 13.264,01 € a 23.724€ = 50% da axuda
- Familias de 3 membros
Ata 17.685€ = 100% da axuda
De 17.685,01€ a 32.201€= 50% da axuda
- Familias de 4 membros
Ata 22.107€ = 100% da axuda
De 22.107,01€ a 38.242€= 50% da axuda
- Familias de 5 membros
Ata 25.644€ = 100% da axuda
De 25.644,01€ a 42.743€= 50% da axuda
- Familias de 6 membros
Ata 29.181€ = 100% da axuda
De 29.181,01€ a 46.142€= 50% da axuda
- Familias de 7 membros
Ata 32.718€ = 100% da axuda
De 32.718,01€ a 49.503€= 50% da axuda
- Familias de 8 membros
Ata 36.255€ = 100% da axuda
De 36.255,01 euros a 52.850€= 50% da axuda

8. Do procedemento de concesión das axudas:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas a totalidade das solicitudes efectuadas no Departamento de Servizos Sociais Municipais, que emitirán un informe con proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

Os Servizos Sociais Municipais cando as solicitudes foran resolvidas procedimentalmente, facilitarán a os/as beneficiarios/as un “bono” (anexo II) no que figurará o importe total subvencionado a presentar na librerías do Concello de Bergondo na que se efectúe a compra, para cambiálo polos libros e/ou material escolar obxecto da presente subvención.

O “bono” será entregado debidamente asinado pola persoa solicitante na librería co conforme de que recibiu o importe total do mesmo en libros de texto e/ou material escolar.

O solicitante deberá de cambiar o antedito “bono” e entregar no Departamento de Servizos Sociais Municipais a factura correspondente ao gasto xunto có modelo de delegación de pago que figura no (anexo III) antes do 30 de setembro do

2026. O incumprimento desta obriga implicará o reintegro da axuda e a perda do dereito a solicitar a axuda na próxima convocatoria salvo causa non imputable ao interesado.

No suposto de que non se cambiase a totalidade do importe da subvención concedida no prazo establecido, a persoa solicitante estará obrigada a facer constar no “bono” a cantidade real gastada no momento de asinalo e entregalo na librería, e deberá comunicar os Servizos Sociais municipais o importe do gasto real efectuado.

Calquera alteración imputable as librerías ou aos usuarios/as que dese lugar a unha desviación do destino da axuda concedida polo Concello, dará lugar ó réxime sancionador establecido no artigo 82 da Lei Xeral Orzamentaria, e as sancións a que dese lugar serán acordadas e impostas pola Comisión de Goberno Municipal.

9. Disposición adicional primeira.

O Concello comprométese a asinar un convenio de colaboración coas librerías deste termo municipal, que se dediquen á venda de libros de texto e material escolar, para a adecuada formalización e posta en marcha do sistema de “bonos” ao que se refire a base oitava da presente convocatoria.

10. Disposición adicional segunda.

Para todas as cuestións non previstas nestas bases será de aplicación o establecido na normativa estatal e autonómica reguladora do réxime de subvencións.

11. Disposición final.

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na partida destinada a tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Bergondo para o ano 2026.

De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas as unidades familiares que contén con menos ingresos económicos.”

CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA LA ESCOLARIZACIÓN DE MENORES DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO 2026-2027.**1. Objeto.**

Es objeto de esta convocatoria regular las ayudas para la escolarización de menores del Ayuntamiento de Bergondo, que consisten en la subvención de libros y/o parte del material escolar, para el curso 2026-2027.

2. Personas beneficiarias.

Podrán ser personas beneficiarias todas/los las/los escolares que durante el curso 2026-2027, cursen estudios de Educación Infantil, Primaria y Secundaria Obligatoria en los Centros de Enseñanza Pública del término municipal de Bergondo, que formen parte de unidades familiares que se encuentren incluidos en programas de intervención familiar de los Servicios Sociales municipales o que los ingresos de sus unidades familiares no superen las cantidades que se recogen en la tabla de la base tercera de la presente convocatoria.

3. Requisitos.

1. Que el menor esté empadronado/la en el Ayuntamiento de Bergondo
2. Cursar estudios en los centros de enseñanza pública del Ayuntamiento (C.P.I. Cruz do Sar o Colegio Rural Agrupado).
3. No superar el límite de ingresos que se recogen en la siguiente tabla. Estos se calcularán sumando la base imponible general y la especial de la declaración de la renta de las personas físicas del año 2024 de todos los miembros de la unidad familiar.

Núm. de miembros de la unidad familiar	Ingresos
Familias de 2 miembros	23.724€
Familias de 3 miembros	32.201€
Familias de 4 miembros	38.242€
Familias de 5 miembros	42.743€
Familias de 6 miembros	46.142€
Familias de 7 miembros	49.503€
Familias de 8 miembros	52.850€

A partir del octavo miembro, se añadirán 3.340€ por cada nuevo miembro computable.

4. Tramitación:**1. Solicitudes:**

Las solicitudes según el modelo oficial se presentarán preferentemente de forma telemática a través de la Sede electrónica municipal.

Para la vía presencial se recomienda cita previa llamando al Registro municipal en el 981791252 Ext.2 en horario de 09,00 a 14,30h o a través de la dirección electrónica cita.previa@bergondo.gal.

En este caso es necesario cubrir el modelo de solicitud, imprimirlo y juntar la documentación requerida.

2. Documentación que si deberá adjuntar:

- Solicitud: Anexo I
- Fotocopia del D.N.I. del miembro de la familia que solicite en nombre del/de la alumno/a.
- Fotocopia del Libro de Familia
- Fotocopia de la Declaración de la Renta de las Personas Físicas correspondiente el ejercicio 2024, o justificante de no haberla presentado, cuando en virtud de la legislación vigente no se esté obligado/a hacerla.
- De no autorizar a la consulta, justificante de empadronamiento.
- De no autorizar a la consulta, justificante acreditativo de estar matriculado en alguno de los centros públicos del término municipal.
- Otra documentación que sea necesaria por falta de acreditación documental suficiente o por la situación especial en la que viva la unidad familiar.

3. Plazo de presentación:

El plazo de presentación de solicitudes será de veinte días a contar desde el día siguiente la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

5. Valoración de las solicitudes.

A efectos de valorar las solicitudes presentadas, se tendrán en cuenta los siguientes criterios:

- Se considerará unidad familiar a formada por los padres e hijos menores de dieciocho años, o mayores de edad con discapacidad física, psíquica o sensorial o con medidas de apoyo.
- En el caso de familias monoparentales, familias numerosas o familias en los que algún miembro de la unidad familiar acredite el reconocimiento de dependencia o de una discapacidad igual o superior al 33%, y a los efectos del cálculo de la renta anual a que si refiere la base tercera de esta convocatoria, se incrementará en 1 el número real de miembros que componen la unidad familiar.
- La condición de familia monoparental se acreditará mediante certificado expedido por la Xunta de Galicia o, de no ser posible por cuestión de los plazos, será necesario presentar la documentación necesaria que evidencie estar en disposición de obtenerlo.
- Segundo el establecido en los artículos 38 y 42 de la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de violencia de género en el contorno familiar, quedarán excluidos del cómputo de las rentas los ingresos del agresor, considerándose la familia como monoparental.

6. De las cuantías a percibir.

Las ayudas a percibir por cada familia, según los ingresos económicos de la unidad de convivencia y tal y como se especifica en la base séptima, serán las que se reflejan en la tabla siguiente.

Dado el carácter finalista de las ayudas de esta convocatoria, en ningún caso, el importe de la ayuda concedida por el Ayuntamiento podrá ser superior al gasto realizado por la persona beneficiaria en concepto de libros y material escolar. En consecuencia, de ser necesario, se realizará el oportuno ajuste en la cantidad de la ayuda concedida en cada caso. En este supuesto, la librería emitirá facturas solo por lo gasto real efectuado por la persona beneficiaria.

Curso	100%	50%
3 años	60	30
4 años	60	30
5 años	60	30
1.º EP	100	50
2.º EP	100	50
3.º EP	80	40
4.º EP	80	40
5.º EP	80	40
6.º EP	80	40
1.º ESO	120	60
2.º ESO	120	60
3.º ESO	120	60
4.º ESO	120	60

7. Valoración de porcentaje de ayudas:

El cálculo del importe de la ayuda económica a percibir para cada menor, medido en ingresos computables por la unidad familiar, serán cómo sigue:

- Familias de 2 miembros
Hasta 13.264€ = 100% de la ayuda
De 13.264,01 € a 23.724€ = 50% de la ayuda
- Familias de 3 miembros
Hasta 17.685€ = 100% de la ayuda
De 17.685,01€ a 32.201€= 50% de la ayuda
- Familias de 4 miembros
Hasta 22.107€ = 100% de la ayuda
De 22.107,01€ a 38.242€= 50% de la ayuda
- Familias de 5 miembros
Hasta 25.644€ = 100% de la ayuda
De 25.644,01€ a 42.743€= 50% de la ayuda
- Familias de 6 miembros
Hasta 29.181€ = 100% de la ayuda
De 29.181,01€ a 46.142€= 50% de la ayuda
- Familias de 7 miembros
Hasta 32.718€ = 100% de la ayuda
De 32.718,01€ a 49.503€= 50% de la ayuda
- Familias de 8 miembros
Hasta 36.255€ = 100% de la ayuda
De 36.255,01 euros a 52.850€= 50% de la ayuda

8. Del procedimiento de concesión de las ayudas:

Una vez finalizado el plazo de presentación de solicitudes, serán valoradas la totalidad de las solicitudes efectuadas en el Departamento de Servicios Sociales Municipales, que emitirán un informe con propuesta de concesión/denegación y luego se procederá su aprobación por el órgano competente.

Los Servicios Sociales Municipales cuando las solicitudes hayan sido resueltas procedimentalmente, facilitarán a los/las beneficiarios/las un “bono” (anexo II) en el que figurará el importe total subvencionado a presentar en la librerías del Ayuntamiento de Bergondo en la que se efectúe la compra, para cambiarlo por los libros y/o material escolar objeto de la presente subvención.

El “bono” será entregado debidamente firmado por la persona solicitante en la librería con el conforme de que recibió el importe total del mismo en libros de texto y/o material escolar.

El solicitante deberá cambiar el antedicho “bono” y entregar en el Departamento de Servicios Sociales Municipales la factura correspondiente al gasto junto que el modelo de delegación de pago que figura en lo (anexo III) antes de 30 de septiembre del 2026. El incumplimiento de este deber implicará el reintegro de la ayuda y la pérdida del derecho a solicitar la ayuda en la próxima convocatoria salvo causa no imputable al interesado.

En el supuesto de que no se cambiara la totalidad del importe de la subvención concedida en el plazo establecido, la persona solicitante estará obligada a hacer constar en el “bono” la cantidad real gastada en el momento de firmarlo y entregarlo en la librería, y deberá comunicar los Servicios Sociales municipales el importe del gasto real efectuado.

Cualquier alteración imputable las librerías o a los usuarios/las que de ese lugar la una desviación del destino de la ayuda concedida por el Ayuntamiento, dará lugar al régimen sancionador establecido en el artículo 82 lana Ley General Presupuestaria, y las sanciones a que de ese lugar serán acordadas e impuestas por la Comisión de Gobierno Municipal.

9. Disposición adicional primera.

El Ayuntamiento se compromete a firmar un convenio de colaboración con las librerías de este término municipal, que se dediquen a la venta de libros de texto y material escolar, para la adecuada formalización y puesta en marcha del sistema de “bonos” al que se refiere la base octava de la presente convocatoria.

10. Disposición adicional segunda.

Para todas las cuestiones no previstas en estas bases será de aplicación lo establecido en la normativa estatal y autonómica reguladora del régimen de subvenciones.

11. Disposición final.

Se concederán las presentes ayudas hasta el límite presupuestario previsto en la partida destinada a tal fin en el Presupuesto General del Ayuntamiento de Bergondo para el año 2026.

De verse superada esta cuantía en la valoración de las solicitudes, se priorizará la concesión de ayudas las unidades familiares que cuenten con menos ingresos económicos.”

En Bergondo, a 1 de xuño do 2026

A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez



AXUDA PARA A ESCOLARIZACIÓN DE MENORES. CURSO 2026-27 SOLICITUDE: ANEXO I

Datos relativos á persoa solicitante

Apelidos e nome	NIF	Teléfono 1	Teléfono 2
Enderezo	Código postal	Poboación	Concello

Datos relativos á persoa representante

Apelidos e nome	NIF	Teléfono 1	Teléfono 2
Enderezo	Código postal	Poboación	Concello

Medio preferente de notificación

Telemático

Postal

Correo electrónico* (ver pé de páxina)

DATOS DO ALUMNO/A E LIBRERÍA

Nome e apelidos	Curso	Nome da librería

Documentación que se presenta xunto coa solicitude:

<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do membro da familia que solicite en nome do/a alumno/a.	<input type="checkbox"/> Xustificante acreditativo de estar matriculado nalgún dos centros públicos do termo municipal (<i>en caso de non autorizar á consulta</i>).	<input type="checkbox"/> Fotocopia da declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2024, ou xustificante de non tela presentado, cando en virtude da lexislación vixente non se estea obrigado/a a facela.	<input type="checkbox"/> Outra documentación que sexa necesaria por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.
<input type="checkbox"/> Fotocopia do Libro de familia.	<input type="checkbox"/> Xustificante de empadramento (<i>en caso de non autorizar á consulta</i>)		

Autorizo ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bergondo para consultar:

- Datos relativos ao empadramento da unidade familiar.
 Estado da matrícula do/s menor/es obxecto da solicitude.

Bergondo, de

de 2026

 Sinatura da persoa solicitante ou representante legal

*No caso de indicar como medio de notificación o telemático, o Concello de Bergondo utilizará a plataforma Notifica.gal para as súas comunicacións electrónicas co Interesado, á que deberá acceder para obter a notificación, autorizando a que o Concello, no caso de que non estea dado de alta, proceda á súa alta. A plataforma Notifica.gal remitirá os avisos de posta a disposición das notificacións ó correo electrónico que se indique na solicitude. Só se poderá acceder á notificación cun certificado electrónico ou con Chave365.

Clausula xeral: De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Bergondo con dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do coreodpd@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/>

ANEXO II: BONO**AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE MENORES DO CONCELLO DE BERGONDO.
CURSO 2026-2027**Persoa beneficiaria Persoa solicitante DNI/NIE Curso **Importe concedido** Librería seleccionada

Na data da sinatura dixital

A concelleira delegada de Benestar Social, M^a Begoña Calviño Dorado**ANEXO III: MODELO DE DELEGACIÓN DE PAGO****AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE MENORES DO CONCELLO DE BERGONDO.
CURSO 2026-2027**Persoa beneficiaria **Importe concedido**

Para proceder ao pagamento da/s axuda/s anteriormente descrita/s, deberá vostede presentar xunto con este documento a factura (non orzamento nin factura proforma) do material adquirido. Lémbrolle que ten de **prazo ata o 30 de setembro do 2026**

D/Dna con DNI

como persoa solicitante dunha axuda municipal do Concello de Bergondo, aprobada pola Xunta de

Goberno local do por un importe de cedo o dereito de cobro a con NIF/CIF núm. a percibir a cantidade de euros en concepto de axudas para a escolarización de menores do Concello de Bergondo

Sinatura da persoa beneficiaria da axuda

DATOS BANCARIOS DA LIBRERÍAD/Dna con DNI/CIFe enderezo en , da Provinciae Código postal , en representación de con CIF

acepto a presente cesión de cobro, para o que fago constar os seguintes datos bancarios:

Nome da entidadeEnderezo ProvinciaIBAN BIC/SWIFT Bergondo, de do 2026

Sinatura e selo da persoa ou representante da empresa autorizada

2026/3706